



DECRETO.- Ourense, 31 de xaneiro de 2017

Unha vez visto que, na Relación de Postos de Traballo de 2016 aprobada por acordo do Pleno do día 29 de abril de 2016 figuran dentro da plantilla de persoal eventual desta Deputación as seguintes prazas:

-Técnico medio de asesoramento ao Grupo Político do Partido Popular. Número de postos: 3. Clase de persoal: persoal eventual asimilado ao subgrupo A2. Complemento de destino: nivel 26. Complemento específico: 14.396,48 euros. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo do Partido Popular. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

-Administrativo de asistencia ao Grupo Político do Partido Popular. Número de postos: 4. Clase de persoal: persoal eventual asimilado ao subgrupo C1. Complemento de destino: nivel 19. Complemento específico: 12.033,14 euros. Forma de provisión: nomeamento pola Presidencia, a proposta vinculante do Grupo do Partido Popular. Requisitos específicos de titulación: non se esixen.

Unha vez visto que o día 30 de novembro de 2016 don Marta Pena Fraga, cesa no posto de técnico medio de asesoramento ao grupo político do Partido Popular, con motivo do seu nomeamento como xefa do Gabinete da Delegada Territorial da Xunta de Galicia.

Unha vez visto o escrito presentado polo portavoz do grupo político do Partido Popular o día vinte e sete de xaneiro de dous mil dezasete, no que propón o cese de don Francisco Fernández Padín, como persoal eventual coa categoría de Administrativo de asistencia ao Grupo do Partido Popular con data 31 de xaneiro de 2017, así como o nomeamento do mesmo como persoal eventual coa categoría de Técnico Medio de asistencia ao Grupo do Partido Popular e o nomeamento de dona María Jesús Ramos García, como persoal eventual coa categoría de Administrativo de asistencia ao Grupo do Partido Popular, ámbolos dous con efectos do 1 de febreiro de 2017.

Considerando que o artigo 104 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o 176 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local regula ao persoal eventual.

Polo exposto, DISPOÑO:

1.- Nomear como persoal eventual desta Deputación Provincial a don Francisco Fernández Padín con NIF 76720762F, coa categoría de técnico medio de asesoramento ao grupo político do Partido Popular, asimilado ao subgrupo A2, e a dona María Jesús Ramos García, con NIF 36089922R, coa categoría de administrativo de asistencia ao Grupo do Partido Popular, asimilada ao subgrupo C1, aboándosele as pertinentes retribucións con cargo aos orzamentos desta Corporación e debendo tomar posesión do referido cargo, con efectos do 1 de febreiro de 2017.



2.- Publíquese a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia.

Mándao e asínao o Sr. Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense,
don José Manuel Baltar Blanco. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,